



**OFICINAS DE
INFORMACIÓN TURÍSTICA**

GALICIA DESTINO SEGURO

#SENTIDIÑO *Protexámonos a nós mesmos e aos que nos rodean*

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles **á covid-19 e adoptar as medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio. Consulte co servizo de prevención ou co seu médico.



FEBRE OU CONTACTO CON PERSOAS INFECTADAS


Non ir traballar con febre (>37° C) ou **síntomas da covid-19** ou **se houbo contacto próximo** cunha persoa infectada.



DESPRAZAMENTO AO TRABALLO

Faranse **mellor de forma individual**. Escoller as opcións de mobilidade que garantan a máxima distancia posible. En caso de compartir vehículo deberanse ter **en conta as obrigas do uso de máscara**.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



ATENCIÓN AO PÚBLICO

Manter a **distancia entre as persoas (traballadores e usuarios)** e, cando non se poida, utilizando máscara e/ou elementos de protección ou barreira tales como pantallas de separación de metacrilato.



NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

Establecer **normas de uso das instalacións para evitar aglomeracións**.



CONTROL DA CAPACIDADE MÁXIMA

Expoñer ao público a capacidade máxima e establecer sistemas de reconto e control. Organizar a entrada e saída dos clientes por portas diferentes cando sexa posible.



ORGANIZAR ESPAZOS

A posición do mobiliario, a delimitación das zonas de uso público/privado e a situación dos puntos de atención ao público adaptarse para garantir a distancia de seguridade.

HIXIENE E LIMPEZA



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado **frecuente** das mans ou o uso de solucións desinfectantes. Lavalas sempre antes de poñer e logo de quitar a máscara e as luvas.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo nun contedor con tapa, pedal e bolsa desbotable.



ELIMINAR O AUTOSERVIZO

Os folletos turísticos **poderaos facilitar** o persoal da OIT, pero non os collerá directamente o cliente e non serán devoltos.



VENTILACIÓN

Ventilar frecuentemente o local, para asegurar a renovación do aire e o mantemento dos sistemas de ventilación ou climatización.



LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Limpar e desinfectar as instalacións polo menos dúas veces ao día e en cada cambio de quenda de persoal. Prestarles especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes. **Lavar a roupa de traballo** a unha temperatura >60° C e, se non é posible, utilizar aditivos no lavado para desinfectar.



PRODUTOS

Contar con **solucións desinfectantes** en sitios accesibles como na entrada e saída da oficina para o **uso da clientela**. Dispoñer de produtos para a **hixiene de mans do persoal e para a limpeza e desinfección do local**.



EVITAR COMPARTIR

Evitar o uso compartido de equipos por diferentes persoas, ben sexan traballadores ou clientes. No caso de que non se poida evitar en determinados dispositivos, estableceranse pautas de limpeza e desinfección entre usos para a redución do risco de contaxio.



MÁSCARAS E LUVAS

Proporcionar medios de protección persoal (máscaras, luvas desbotables, pantallas faciais) cando así o indique o servizo de prevención de riscos laborais ou a autoridade sanitaria. Refugalos ou desinfectalos de xeito correcto despois do uso.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SOSPEITA DA COVID-19

Ter previsto como actuar no caso dunha persoa con sospeita. Contactar sempre co centro de saúde ou chamar ao teléfono 900 400 116.



INFORMAR AO CLIENTE

Colocar carteis en zonas visibles da OIT que lle advirtan á clientela sobre as medidas e a obriga de cooperar no seu cumprimento. **Signalizar no chan** a distancia de seguridade na zona de atención ao público.



COORDINACIÓN

Cando a OIT comparta instalacións con outros servizos, establecer mecanismos de coordinación e información con estes e tamén con empresas externas cuxos traballadores accedan ás instalacións.



FOMENTAR OS MEDIOS ELECTRÓNICOS

Fomentar o uso das canles dixitais para facilitar información, así como documentos en formato electrónico. Se a OIT dispón de tenda, fomentarse o **pago con tarxeta** ou similar. Evitar o envío de información por correo postal.

